

Dona Susana Mariño Lorenzo, secretaria accidental do concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 1 de febreiro de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"FOD.2.- Convenio coa Universidade da Coruña para prácticas académicas de alumnado da Facultade de Turismo

É de interese tanto para a Universidade da Coruña como para o Concello de Carballo facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

A UDC e a FEGAMP contan cun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) ao abeiro do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015, o 29 de maio de 2018 e o 4 de xuño de 2019

A oferta de prazas de prácticas nas entidades locais realizarase mediante a adhesión das mesmas ao convenio e o compromiso de respectar as súas cláusulas, a través do modelo incluído no anexo II

Á vista do anterior e vista a proposta do Concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo de 01/02/2021, no expte. 2021/A006/000002, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:

Primeiro.- *Adherirse ao convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e a FEGAMP para a realización das prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares dos estudantes da UDC nas entidades asociadas á FEGAMP.*

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE A CORUÑA (UDC) E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DOS ESTUDANTES DA UDC NAS ENTIDADES ASOCIADAS Á FEGAMP.

Evencio Ferrero Rodríguez, Alcalde do Concello de Carballo

Manifesta a adhesión do Concello de Carballo, así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas do estudiantado da UDC

Departamentos onde poderán realizar prácticas os estudantes (e número de prazas):

Os estudantes poderán realizar prácticas na área turismo. Ofértase 1 praza.

Períodos preferentes para a realización das prácticas:

O período preferente para a realización das prácticas será a partir de febreiro de 2021.

Segundo.- *Ofertar unha praza para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares dos estudantes da UDC na área de turismo do Concello de Carballo "*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2021/G007/000003

no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde